

# NOME CIENTÍFICO

*Ficus elastica*

## Descrición:

Árbore de folla perenne que pode acadar unha altura duns 30-40 metros. O seu tronco é irregular cun diámetro aproximado duns 2 metros. Presenta raíces aéreas que actúa como contraforte para ancorarse ao substrato e axudar a soportar as pesadas pólas case horizontais.



62

**As súas flores** teñen uns 2 centímetros de diámetro e son de cor branca ao nacer, mudando a rosadas pouco despois.

**Familia:** Moraceae

**Orixe:** Nordeste da India e oeste de Indonesia

**Nome común:** Árbore do caucho



63



65



64

**As súas follas** son anchas, brillantes e ovais cuns 20 centímetros de longo e uns 12 de ancho.

**O seu froito** é un figo pequeno, de cor amarelo-verdoso, apenas comestible.

# *Ficus elastica*

## **Hábitat**

É unha planta propia de climas tropicais, polo que precisa de terreos luminosos e húmidos. Toler a seca pero non demasiado ben as altas temperaturas.

## **Usos ou propiedades**

Fundamentalmente ten un uso ornamental, se ben en lugares de clima frío debe protexerse no interior das casas para a súa supervivencia. Cando se producen unha ferida a árbore reacciona expulsando unha sabia leitosa de cor esbrancuxada (látex) que pronto solidifica. Esta látex se ven é irritante, unha vez tratado pode ser utilizado para fabricación de chicles.

## **Categoría IUCN**

Non avaliada (NE)

## **Curiosidades**

Como outros integrantes do xénero ficus, as súas flores precisan dunha especie particular de avespa do figo para a súa polinización. Debido a esta relación, as súas flores non son nin fragantes nin coloridas.